

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LUGO
Edificio	Igrexa de San Martiño de Poutomillos,
Dirección	Lugar da Uceira, 2. 27233
	42.963556 -7.664892
Protección	
Descrición	Edificación do século XII (1129) e reedificada na segunda metade do XX feita a base de perpiaño e cachotería granítica, de planta rectangular dunha soa nave e con cuberta de lousa a dúas augas agás na capela maior que é a catro augas. A sancristía atópase pegada ao muro esquerdo da capela maior. Na fachada principal podemos ver unha porta de acceso alintelada e un ocelo con derrame interno. O conxunto remata nunha espadana de dous corpos con arcos de medio punto, o inferior de dous vans e o superior de un so van, con pináculos e cruz metálica de remate. No seu interior destaca un arco triunfal de medio punto sobre pilastras con imposta moldurada, e unha lauda sepulcral cun brasón moi erosionado situada no piso da capela maior. Esta igrexa aparece en documentos medievais como “Ecclesia Sancti Martini de Puctimilios”
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	24-08-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	FUNDICIONES PARDO S.L.	2000	50	72
Espadana	Maior.	RUIZ, MANUEL	1846	55	96

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Poutomillos, - LUGO \(GALICIA\)](#)

